

ACTIVIDADES FEDERACIÓN DE ANPAS NO RAQUEL CAMACHO:

ESCOLAS DEPORTIVAS:

- Educación infantil:

XOGOS E MOVEMENTO: Proposta de xogos que teñen coma elementos principais a música, o ritmo e o movemento corporal individual e colectivo (contos musicalizados, bailes e coreografías grupais, ...).

XOGOS TRADICIONAIS: Proposta lúdica que incide nos aspectos psicomotores de forma xeral ao marxe da música e o ritmo.

PREPATINAXE: Só a partir de 5º de educación infantil.

- Educación primaria:

Nos primeiros cursos **PREPATINAXE:** (evolución natural de prepatinaxe de infantil).

Nos últimos cursos desta etapa educativa plantéxase como proposta deportiva específica e máis estruturada o **BALONCESTO**.

OBRADOIROS:

- Educación infantil:

COLORÍN COLORADO: Exploraremos contos, historias e poemas estimulando a creatividade a través da expresión oral e corporal.

MANITAS: Expresión plástica e manualidades onde experimentarán con materiais e técnicas para estimular a súa creatividade única.

COMECOCOS: Xogos de lóxica matemática, crebacabezas, ilusións ópticas e xogos de taboleiro para desenvolver habilidades como observación, atención e toma de decisións.

- 1º, 2º e 3º de primaria:

XENIOS: a través da variedade de xogos de lóxica matemática como crebacabezas, ilusións ópticas, parellas, enigmas ou xogos de taboleiro, desenvolveranse habilidades cognitivas como a observación, atención, comprensión, memoria, organización, toma de decisións, xestión emocional e velocidade de pensamento.

TEATRO: perfeccionarán técnicas teatrais, mellorarán a comunicación e traballarán en equipo para crear e representar escenas.

DESEÑO DE SEU: aprenderán técnicas como macramé, costura e estampado para crear decoracións e accesorios personalizados, fortalecendo aínda máis as súas habilidades artísticas.

- 4º, 5º e 6º de primaria:

SCAPE ROOM: os participantes traballarán en equipo para resolver enigmas e desafíos que estimulan o pensamento crítico e a creatividade, preparándoos para desafíos máis complexos.

ENREDADOS: descubriremos as novas tecnoloxías dunha maneira divertida e responsable. Exploraremos desde o básico como Windows e procesadores de texto, ata como facer presentacións e navegar por internet.

RECREARTE: Os participantes explorarán un mundo de materiais e técnicas variadas como coser, pegar, estampar e encadernar nunha contorna colaborativa que nutre a súa creatividade individual e fomenta a expresión artística continua.

-Educación primaria:

MANS QUE FALAN: a través de xogos, cancións e manualidades, os nenos aprenderán a Lingua de Signos Española mentres desenvolverán habilidades sociais, melloran a atención e a memoria. Ademais, cultivarán valores como a empatía e o respecto.

ECOCREA: A través do uso creativo de materiais reciclados como madeira, metal, plástico, pedras e teas, os nosos programas salientan a práctica das 3R (Reducir, Reutilizar, Reciclar) e a importancia da separación adecuada de residuos. Desde **ECOCREA**, os participantes explorarán como estas prácticas poden contribuír ao coidado e a conservación da nosa contorna inmediata e máis aló.

IDIOMAS:

- Educación primaria:

ENGLISH LAB: Inmersión en inglés adaptada a cada etapa educativa, onde o xogo é fundamental. Integrando contidos do idioma con disciplinas e actividades atractivas, melloramos a capacidade de escoita a través de temas interesantes que promoven a participación activa. Ademais, potenciamos a expresión oral nun ambiente de confianza, desenvolvendo seguridade e fluidez para conversacións e debates cotiáns.